

OS FUNGOS

- Seres vivos unicelulares ou pluricelulares
- Células eucariotas sen parede de celulosa, con quitina.
- A maioría teñen o aparato vexetativo formado por uns filamentos (hifas) que se introducen no corpo do que se alimentan (plantas, animais, restos do solo...). As células das hifas non están completamente illadas, polo que o citoplasma pode moverse libremente e con ese movemento transporta as substancias dun lugar a outro.
- Realizan unha nutrición heterótrofa por absorción (osmótrofa)
 - *Saprófitos (aliméntanse de restos orgánicos)
 - *Parásitos (aliméntanse sobre seres vivos)
 - *Simbióticos: asóciase a outros seres: algas (liques), plantas (micorrizas)...
- Poden ser acuáticos ou terrestres. En xeral viven en lugares húmidos e con pouca luz.
- Reprodúcense por esporas.


TIPOS DE FUNGOS

QUITRIDIOMICETES

Unicelulares ou pluricelulares. Considéranse tamén como protistas. Son os fungos máis primitivos e a maioría son saprófitos (aliméntanse de restos orgánicos).

Coñécense unhas 1.000 especies, moitos de auga doce.

EXEMPLOS: parásitos dos peixes anfibios, das patacas, *Plasmopara viticola*...




GLOMEROMICETES

- Non teñen reprodución sexual
- Viven en simbiose coas plantas terrestres formando endomicorrizas (as células do fungo introdúcense nas células da raíz da planta).

Coñécense 150 especies.

EXMEPLOS: *Gigaspora margarita*




ZIGOMICETES

-Forman dúas clases de esporas: sexuais (zigosporas) e asexuais (esporanxioesporas).

Coñécense unhas 900 especies, a maioría son os chamados mofos.

EXEMPLOS: mofo do pan, *Penicillium*...





BASIDIOMICETES

-As esporas sitúanse no exterior dos órganos nos que se formaron (basidios).

-As células teñen parede de quitina.

Coñécense 31.515 especies.

EXEMPLOS: fungos con cogomelos (champiñón, zarrota, lepiota...), potra do millo, tizón do centeo...



ASCOMICETES

-Con micelio tabicado.

-Poden ser unicelulares ou pluricelulares.

-Reprodución sexual (coas esporas endóxenas –ascosporas-, pechadas nos órganos que as producen) ou asexual, con esporas esóxenas (conidios). Nos máis evolucionados fórmanse corpos frutíferos (esporocarpos).

Hai unhas 12.500 especies, terrestres ou acuáticas, entre os que se atopan moitos patóxenos dos animais e as plantas.

EXEMPLOS: pantorra, cornello do centeo, podre da uva, lévedos, tiña, candida...

